
Cupressus sempervirens L., 1753

- ciprés, alcipreste, cipreste
- ciprés (común), arciprés, alciprés
- nekosta
- xifrer, cap de mort, ciprés
- Mediterranean cypress
- cipreste-comum, cipreste-dos-cemitérios



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**piñales**	**Pinopsida**	**Cupressaceae**	***Cupressus***

ORIXE

Mediterráneo oriental.

CARACTERÍSTICAS

Árbore de folla perenne de ata 30 m de altura. Raíces ben desenvolvidas, cun potente sistema secundario que lle proporciona unha boa ancoraxe. Tronco recto, groso, ás veces superando un metro de diámetro. Codia inicialmente delgada, lisa e agrisada, que se torna marrón agrisada, con sucos lonxitudinais e fibrosa. Copa de densidade variable, verde escura, con pólas laterais e poliñas novas avermelladas. Follas novas opostas, decusadas e longamente decorrentes, cun ápice triangular, agudo e libre. Flores monoicas dispostas en pólas curtas. As masculinas son ovoides, duns 4–8 mm de longo, e constan de varios pares de estames opostos. Os conos femininos son solitarios ou aparecen en pequenos acios de 8-14 escamas opostas e decusadas. Florece na primavera.

HÁBITAT

Bosques de piñeiros ou xenebreiros. Solos rochosos, principalmente sobre pedra calcaria en ladeiras e ocasionalmente en rocha ígnea. Fóra da súa área de distribución natural, cultívase amplamente en parques, xardíns e ao longo das rúas. Entre os 90 e os 1700 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Áreas importantes no norte de Libia, sur de Grecia (Creta e Rodas), sur de Turquía, Chipre, oeste de Siria, O Líbano, oeste de Xordania e certas zonas de Irán.

CURIOSIDADES

Primeiro, a súa madeira foi valorada pola súa resistencia á podremia, e máis tarde tamén se converteu en ornamental. Este último uso levou a unha introdución xeneralizada en todo o Mediterráneo, polo menos dende a época romana ata a actualidade.